



Proba tipo test para a constitución dunha Bolsa de Emprego de persoal técnico en Igualdade e/ou Axentes de Igualdade, para a execución de programas subvencionados de carácter temporal

Cabanas, 15 de setembro de 2022

DNI.....Sinatura.....

1. Sinalar cal dos seguintes enunciados referido ao artigo 9 da Constitución Española é o correcto:

- a) Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e máis dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.
- b) Deféndese a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.
- c) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, ca a necesaria para a conservación da orde pública, protexida pola lei

2. En que artigo do Estatuto de Autonomía de Galicia se establece que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todas as persoas galegas na vida política, económica, cultural e social:

- a) No artigo 2.1.
- b) No artigo 1.3.
- c) No artigo 4.2.

3. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diaria por horas completas e sen diminución proporcional das súas retribucións.
- b) As funcionarias vítimas de violencia de xénero non se poden acoller ao dereito á redución da xornada de traballo diaria.
- c) As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diaria por horas completas e con diminución proporcional das súas retribucións.



4. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) Por lactación dun fillo menor de 18 meses, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.
- b) Por lactación dun fillo menor de 12 meses, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.
- c) Por lactación dun fillo menor de 24 meses, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.

5. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais establece que no caso de detectarse risco para a seguridade e a saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo ou a lactancia das traballadoras, a persoa empresaria adoptará as medidas necesarias para evitar a exposición a dito risco:

- a) A través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada. Ditas medidas incluírán, por defecto, a non realización de traballo nocturno e de traballo por quendas.
- b) A través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada. Ditas medidas non poderán incluír a realización de traballo nocturno ou de traballo por quendas.
- c) A través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada. Ditas medidas incluírán, cando resulte necesario, a non realización de traballo nocturno ou de traballo por quendas.

6. Segundo a regulación xurídica do réxime local, as actividades de promoción da muller desenvoltas polos municipios son:

- a) Servizos mínimos complementarios aos propios de outras Administracións Públicas.
- b) Actividades complementarias das propias de outras Administracións Públicas.
- c) Servizos esenciais das Administracións Locais.

7. A normativa vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que a desestimación por silencio administrativo:

- a) Ten entre outros efectos, os de permitir ás persoas interesadas a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.
- b) Ten os únicos efectos de permitir ás persoas interesadas a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.
- c) Ten os únicos efectos de permitir ás persoas interesadas a interposición do recurso contencioso-administrativo que resulte procedente.



8. Segundo o Instituto Galego de Estatística, en relación ao ámbito “A realidade da muller galega”, as afiliacións á Seguridade Social en función do sexo no ano 2020 resultaron as seguintes:

- a) No Réxime especial agrario, o 27,82% eran mulleres e o 72,16% eran homes.
- b) No Réxime especial de persoas empregadas do fogar, o 97,79% eran mulleres e o 2,21% eran homes.
- c) Os dous enunciados anteriores son correctos.

9. Segundo establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, toda violación da seguridade que ocasione a destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita de datos persoais transmitidos, conservados ou tratados de outra forma, ou a comunicación ou acceso non autorizados a ditos datos, defínese como:

- a) Violación da seguridade dos datos persoais.
- b) Infracción grave da seguridade dos datos persoais.
- c) Prexuízo leve da seguridade dos datos persoais.

10. As Conferencias Mundiais sobre a Muller convocadas polas Nacións Unidas contribuíron a situar a causa da igualdade entre os xéneros no centro da axenda política mundial. ¿En que cidade celebrouse a primeira destas conferencias no ano 1975?

- a) Nairobi.
- b) Beijing.
- c) Cidade de México.

11. Segundo a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral:

- a) Recoñeceranse aso traballadores en forma que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.
- b) Recoñeceranse aos traballadores e as traballadoras en forma que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.
- c) Recoñeceranse ás traballadoras en forma que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.



12. O artigo 41 da mencionada Lei Orgánica 3/2007 establece que a publicidade que comporte unha conduta discriminatoria de acordo con esta Lei considerárase:

- a) Publicidade ilícita de conformidade co previsto na lexislación xeral de publicidade e de publicidade e comunicación institucional.
- b) Publicidade discriminatoria de conformidade co previsto na lexislación xeral de publicidade e de publicidade e comunicación institucional.
- c) Publicidade sexista de conformidade co previsto na lexislación xeral de publicidade e de publicidade e comunicación institucional.

13. O capítulo VIII da mencionada Lei orgánica 3/2007 sobre a participación das mulleres no desenvolvemento rural contempla:

- a) Os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural e a titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias.
- b) Os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural.
- c) A titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias.

14. A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia indica que aínda que o artigo 14 da Constitución Española non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula:

- a) «Calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social».
- b) «Razón de nacemento».
- c) «Razón de sexo».

15. Segundo establece a devandita Lei 2/2014 existirá discriminación múltiple:

- a) Cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual conxuntamente coa súa identidade de xénero.
- b) Cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación.
- c) Cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación.



16. O artigo 26 sobre as medidas no ámbito da educación da devandita Lei 2/2014 denomínase:

- a) Combater o acoso e favorecer a visibilidade.
- b) Combater o acoso e favorecer a confidencialidade.
- c) Combater o acoso e favorecer o orgullo.

17. Os servizos que prestan os centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia:

- a) Serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente, os solicite, sen poder exixirse que teña a condición de persoa empadroada ou residente no concello ou ámbito territorial correspondente no caso de que proceda dun concello en que non existe este servizo.
- b) Serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente, os solicite, sen poder exixirse que teña a condición de persoa empadroada ou residente no concello ou ámbito territorial correspondente, aínda que proceda dun concello en que exista este servizo.
- c) Serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente, os solicite.

18. Un dos principios nos que se basea a actividade audiovisual en Galicia é:

- a) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.
- b) O tratamento obxectivo da igualdade entre homes e mulleres.
- c) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe dar maior visibilidade ás mulleres fronte aos homes.

19. Para os efectos do decreto 130/2016, do 15 de setembro, enténdese por centros de información á muller (artigo 2):

- a) Aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, intervención socioeducativa, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- b) Aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico e atención psicolóxica, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- c) Aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional



e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

20. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de Xénero establece que terán carácter de servizos esenciais os seguintes:

- a) Os servizos de información e orientación e asesoramento xurídico 24 horas.
- b) Os servizos de información e orientación, atención psicosocial inmediata, telefónica e en liña, asesoramento xurídico 24 horas e os servizos de acollida e asistencia social integral.
- c) Os servizos de información e orientación, atención psicosocial inmediata, telefónica e en liña, asesoramento xurídico 24 horas, atención socioeducativa, asesoramento laboral e os servizos de acollida e asistencia social integral.

21. Indicar o enunciado correcto segundo a devandita Lei orgánica 1/2004:

- a) Cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, sempre que se presuma que debido a súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por dita circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.
- b) Cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 65 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, independentemente da súa idade, preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, sempre que se presuma que a vítima teña especiais dificultades para obter un emprego e por dita circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.
- c) Cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 85 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, sempre que se presuma que debido a súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por dita circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.



22. As situacións de violencia de xénero, segundo a devandita Lei orgánica 1/2004, acreditaranse mediante:

- a) Unicamente a través dunha sentenza condenatoria por calquera das manifestacións da violencia contra as mulleres previstas nesta lei.
- b) Unicamente a través dunha sentenza condenatoria por calquera das manifestacións da violencia contra as mulleres previstas nesta lei ou unha orde de protección.
- c) Ningún dos anteriores enunciados é correcto.

23. A devandita Lei orgánica 1/2004 establece no seu artigo 19 que a atención multidisciplinar implicará especialmente:

- a) Información ás vítimas; atención psicolóxica e psiquiátrica; apoio social; seguimento das reclamacións dos dereitos da muller; apoio educativo á unidade familiar; formación preventiva nos valores de igualdade dirixida ao seu desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos; e apoio á formación e inserción laboral.
- b) Información ás vítimas; atención psicolóxica; apoio social; seguimento das reclamacións dos dereitos da muller; apoio educativo á unidade familiar; formación preventiva nos valores de igualdade dirixida ao seu desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos; e apoio á formación e inserción laboral.
- c) Información ás vítimas; atención psicolóxica e apoio social.

24. O Observatorio Estatal de Violencia contra a Muller:

- a) Remitirá ao Goberno e ás Comunidades Autónomas, con periodicidade anual, un informe sobre a evolución da violencia exercida sobre a muller.
- b) Remitirá aos concellos, con periodicidade anual, un informe sobre a evolución da violencia exercida sobre a muller.
- c) Remitirá aos concellos, con periodicidade mensual, un informe sobre a evolución da violencia exercida sobre a muller.

25. O enunciado “As ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero consideraranse xustificadas e serán remuneradas, cando así o determinen os servizos sociais de atención ou servizos de saúde”, corresponde a:

- a) O artigo 21.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- b) O artigo 21.4 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- c) O artigo 21.4 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

RESERVA

1. A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes cando fai alusión á consideración das singulares dificultades en que se atopan as mulleres de colectivos de especial vulnerabilidade, menciona de maneira expresa as seguintes situacións:

- a) As mulleres que pertencen a minorías, as mulleres migrantes, as nenas, as mulleres con discapacidade, as mulleres maiores, as mulleres viúvas e as mulleres vítimas de violencia de xénero.
- b) As mulleres que pertencen a minorías, as mulleres migrantes, as mulleres **con** discapacidade e as mulleres vítimas de violencia de xénero.
- c) As mulleres que pertencen a minorías, as mulleres migrantes, e as mulleres vítimas de violencia de xénero

2. Que na valoración da idoneidade nos procesos de adopción non exista ningunha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero:

- a) Aínda non está contemplada en ningunha normativa estatal ou autonómica vixente.
- b) Contémplase como garantía na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- c) Contémplase como recomendación na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.



3. Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, ¿quedan prohibidos o tratamento de datos persoais que revelen o sexo dunha persoa física (non sendo de aplicación cando concorran algunha das circunstancias contempladas na devandita lei)?

a) Non.

b) Esta é unha cuestión que aínda non está regulada.

c) Si.

Pregunta	Resposta
1	a)
2	c)
3	c)
4	b)
5	c)
6	b)
7	b)
8	c)
9	a)
10	c)
11	b)
12	a)
13	a)
14	a)

Pregunta	Resposta
15	b)
16	a)
17	a)
18	a)
19	c)
20	b)
21	a)
22	c)
23	b)
24	a)
25	c)
R1	a)
R2	b)
R3	a)